



RESOLUCIÓN DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE VIGO POLA QUE SE PUBLICA O LISTADO DE PERSOAS ASPIRANTES SELECCIONADAS NO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO AO PERMISO DE EXPLOTACIÓN DE PERCEBE NA MODALIDADE A PÉ PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE EXTRACTIVA NO ÁMBITO DA CONFRARÍA DE BAIONA, E SE ABRE O PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

ANTECEDENTES

1. Mediante Resolución do Departamento Territorial de Vigo, do 3 de febreiro de 2026, convócase un proceso selectivo para o acceso a unha (1) praza de percebe, na modalidade a pé na confraría de Baiona. Ábrese un prazo de 15 días hábiles para presentación de solicitudes.
2. Mediante Resolución do Departamento Territorial de Vigo, do 10 de marzo de 2026, publícase a listaxe provisional de admitidos no proceso selectivo coa puntuación acadada. Non houbo solicitudes excluídas do proceso.
3. A partir da publicación da resolución provisional abriuse un prazo de 15 días hábiles para efectuar alegacións. No prazo estipulado presentouse un escrito de alegacións.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Este departamento territorial é o órgano competente para o outorgamento dos permisos de explotación de conformidade co establecido no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, modificado polo Decreto 114/2007, de 31 de maio, e polo Decreto 48/2013, do 7 de marzo.
2. A Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, regula nos artigos 9 a 15 o procedemento para a obtención do permiso de explotación a pé para recursos específicos.
3. No apartado II das bases da convocatoria indícase que se lles concederá ás persoas interesadas un prazo de quince (15) días hábiles, a efectos de presentación das alegacións que se consideren oportunas, as cales, non se contestarán expresamente de xeito individualizado, pero poderán terse en conta para a puntuación definitiva. No prazo estipulado ao efecto presentouse un escrito de alegación que foi estimada e polo tanto modificouse a súa puntuación.

De acordo co anteriormente indicado e, de conformidade co establecido na base III do Anexo A, da Resolución do 13 de outubro de 2023, pola que se convoca proceso selectivo, así como na disposición transitoria primeira do Decreto 245/2009, do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia, e no Decreto 177/2016, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, este departamento territorial no exercicio das súas competencias,





RESOLVE:

1. Facer pública a **lista definitiva** da persoa que superou o proceso selectivo, e a das que non o superaron, para o acceso ao permiso de explotación de percebe na modalidade da pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito da Confraría de Baiona.

2. A relación definitiva de persoas non seleccionadas constituirá unha **lista de reserva** que terá unha vixencia **DUN (1) ANO**, contado desde o día seguinte ao da data desta resolución.

3. As persoas seleccionadas deberán presentar, no prazo máximo de **quince (15) días hábiles** contados desde o día seguinte ao da publicación da relación definitiva, a seguinte documentación acreditativa que xustifique os aspectos recollidos no apartado I.1. da convocatoria, agás consentimento expreso da persoa interesada para que a Consellería do Mar consulte estes datos:

- Certificado de estar empadroad/a nun municipio do litoral de Galicia.
- Certificado da Seguridade Social de non ser perceptor/a de pensións de xubilación, grande invalidez, incapacidade permanente absoluta, incapacidade permanente total, en favor de familiares ou perceptor da renda de integración social de Galicia.

Ademais, deberán presentar:

- As persoas perceptoras da **Renda de Integración social de Galicia (RISGA)** achegarán **escrito de renuncia** á prestación que se fará efectiva no momento do outorgamento do permiso de explotación.
- Documentación que acredite **non estar incapacitada/o para exercer os labores de maris queo**.

4. De acordo co disposto no Decreto 425/1993, do 17 de decembro e a Orde do 30 de decembro de 2015, as persoas seleccionadas que presentaron a documentación dentro do prazo establecido, para o outorgamento do permiso de explotación deberán cumprir, ademais:

- Estar en posesión do **certificado profesional correspondente**. As persoas que estean en posesión da certificación profesional achegarán a documentación que así o acredite, agás no suposto de autorización expresa á Consellería do Mar para a consulta destes datos.
- **non ter sancións firmes** en vía administrativa en materia de protección de recursos mariños, pendentos de pagamento.
- **Non ser armador/a** dunha embarcación que teña algunha modalidade de **recursos específicos** no seu plan de explotación. Neste caso deberán renunciar a ela no momento de obtención de dito permiso
- **Non ter acreditación de tripulante habilitado para a explotación de percebe** nunha embarcación.





As persoas que, dentro do prazo fixado, non presentasen a documentación ou que, da revisión da mesma, se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados, entenderase que desisten da súa solicitude. Neste suposto, emitirase unha nova resolución modificando esta, de acordo aos prazos e forma recollidos nos parágrafos anteriores, declarando seleccionada/s a/s persoa/s que figuren na lista de reserva pola desistencia das persoas que non presentaron a documentación ou carecen dos requisitos.

O Departamento Territorial ditará Resolución concedendo ou denegando o permiso de explotación para o marisqueo a pé de percebe, conforme ao establecido no artigo 6 do Decreto 425/1993, do 17 de decembro de 2013.

5. A presente resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Departamento Territorial de Vigo e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>.

Esta convocatoria tamén estará exposta, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios das Xefaturas Comarcais de Vilagarcía de Arousa e de Pontevedra, así como no taboleiro de anuncios da confraría.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A directora territorial
María Elena Suárez Sarmiento



ANEXO I

RELACIÓN DE PERSOAS SELECCIONADAS NO PROCESO PARA OBTENIR O PERMISO DE EXPLOTACIÓN

LISTAXE DEFINITIVA

Nº	Apelidos e nome	D.N.I.	DEM. EMPREGO	FORMACIÓN			EXPERIENCIA PROFESIONAL			PADRÓN	TOTAL		
			1	Cursos	T. académica	T. Acuicult.	2	Permex a pé RR.EE.	Permex a pé m. xeral	Enrolado percebeiro/mergullador		3	4
1	RODRÍGUEZ POUSA, ÁNGEL	***8129**	3,00	3,20	0,15	0,00	3,00	0,00	0,00	0,00	0,00	2,00	8,00

Nota: ocúltase parcialmente o número de DNI. en aplicación das garantías de protección da súa divulgación, seguindo o establecido pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais en relación á identificación dos interesados nas notificacións por medio de anuncios e publicacións de actos administrativos, así como a orientación para a súa aplicación da Axencia Española de Protección de Datos.

PUNTUACIÓN (de conformidade coa resolución de convocatoria do proceso selectivo):

Apartado 1: por demandante de emprego. (max. 3 puntos)

Apartado 2: por formación (max. 3 puntos)

Apartado 2.a: cursos incluídos no catálogo

Apartado 2.b: titulación académica

Apartado 2.c: titulación de acuicultura

Apartado 3: experiencia profesional na extracción de recursos mariños: (max. 2 puntos)

Apartado 3.a: titular dun permex a pé de recursos específicos

Apartado 3.b: titular dun permex a pé de marisqueo xeral

Apartado 3.c: enrolado como percebeiro ou mergullador

Apartado 4: por estar empadroadado/a nun concello do ámbito territorial da entidade titular do plan de xestión (max. 2 puntos)



LISTADO DE RESERVA
RELACIÓN DE PERSOAS NON SELECCIONADAS NO PROCESO PARA OBTEN O PERMISO DE EXPLOTACIÓN ORDEADAS POR PUNTUACIÓN E ALFABETICAMENTE

Nº	Apelidos e nome	D.N.I.	DEM. EMPREGO	FORMACIÓN			EXPERIENCIA PROFESIONAL			PADRÓN	TOTAL		
			1	Cursos 2.a	T. académica 2.b	T. Acuicult. 2.c	2	Permex a pé RR.EE. 3.a	Permex a pé m. xeral 3.b	Enrolado percebeiro/ mergullador 3.c		3	4
1	DEL CAMPO SANTIAGO, IGNACIO SALVADOR	***2062**	0,00	4,78	0,15	0,00	3,00	2,00	0,00	0,00	2,00	2,00	7,00
2	DURÁN MARTÍNEZ, MARÍA DEL PILAR	***9058**	0,00	4,48	0,15	0,00	3,00	2,00	0,00	0,00	2,00	2,00	7,00
3	DOMÍNGUEZ MINIÑO, DIEGO	***9509**	3,00	1,60	0,15	0,00	1,75	0,00	0,00	0,00	0,00	2,00	6,75
4	PÉREZ ALONSO, ANGELA	***1794**	1,25	3,30	0,25	0,00	3,00	0,00	0,00	0,00	0,00	2,00	6,25
5	SILVA GÓMEZ, LAURA	***7553**	3,00	0,60	0,15	0,00	0,75	0,00	0,00	0,00	0,00	2,00	5,75
6	SOTELO ULBEIRA, JOSÉ MIGUEL	***0027**	0,00	5,60	0,25	0,00	3,00	0,00	0,00	0,28	0,28	2,00	5,28
7	PEREIRA SANTOS, PATRICIA	***9434**	3,00	0,00	0,25	0,00	0,25	0,00	0,00	0,00	0,00	2,00	5,25
8	ALONSO CRESPO, MANUEL	***3582**	0,00	3,30	0,25	0,00	3,00	0,00	0,00	0,00	0,00	2,00	5,00
9	PÉREZ PÉREZ, MARIA SOL	***0106**	0,00	3,08	0,15	0,00	3,00	0,00	0,00	0,00	0,00	2,00	5,00
10	CRESPO FREIRIA, ROSANA	***0836**	0,00	2,20	0,25	0,00	2,45	0,00	0,00	0,24	0,24	2,00	4,69
11	MINIÑO MOSQUERA, FELIX	***9228**	0,00	0,00	0,15	0,00	0,15	0,00	0,00	0,08	0,08	2,00	2,23
12	BLACH CASTRO, JESÚS MANUEL	***3271**	0,00	0,00	0,15	0,00	0,15	0,00	0,00	0,00	0,00	2,00	2,15



Nota: ocúltase parcialmente o número de DNI. en aplicación das garantías de protección da súa divulgación, seguindo o establecido pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais en relación á identificación dos interesados nas notificacións por medio de anuncios e publicacións de actos administrativos, así como a orientación para a súa aplicación da Axencia Española de Protección de Datos.

PUNTUACIÓN (de conformidade coa resolución de convocatoria do proceso selectivo):

Apartado 1: por demandante de emprego. (max. 3 puntos)

Apartado 2: por formación (max. 3 puntos)

Apartado 2.a: cursos incluídos no catálogo

Apartado 2.b: titulación académica

Apartado 2.c: titulación de acuicultura

Apartado 3: experiencia profesional na extracción de recursos mariños: (max. 2 puntos)

Apartado 3.a: titular dun permex a pé de recursos específicos

Apartado 3.b: titular dun permex a pé de marisqueo xeral

Apartado 3.c: enrolado como percebeiro ou mergullador

Apartado 4: por estar empadroad/a nun concello do ámbito territorial da entidade titular do plan de xestión (max. 2 puntos)

• CRITERIOS DE BAREMACIÓN

- 1.- PARO: tempo transcorrido como desempleado/a, sempre que na actualidade sexa demandante de emprego, non en mellora de emprego: 0,25 puntos/mes completo durante un máximo de 1 ano inmediatamente anterior á convocatoria (puntuación máxima 3 puntos).

- 2.- FORMACIÓN:

2.A ACTIVIDADES DE FORMACIÓN (cursos, seminarios e xornadas ou asimiladas):

Valoración das actividades que foron recoñecidas como mérito para acceder ao permiso de marisqueo a pé para recursos específicos e que figuran inscritas no catálogo de actividades formativas anexo á Resolución do 17 de decembro de 2024 da Xefatura Territorial de Vigo pola que se convoca o proceso selectivo.

2.B TITULACIÓN ACADÉMICA: Graduado en ESO ou equivalente: 0,15 puntos; Bacharel ou equivalente: 0,25 puntos; Diplomado universitario ou equivalente: 0,35 puntos e Licenciado universitario ou equivalente: 0,50 puntos.

2.C Ás persoas que posúan algunha titulación profesional regulada de acuicultura, engadiráselles 1 punto.

A suma de puntos do apartado de formación non superará os 3 puntos

- 3- EXPERIENCIA PROFESIONAL NA EXTRACCIÓN DE RECURSOS MARIÑOS:





3A PERMEX A PÉ DE RECURSOS ESPECÍFICOS: Nos 2 anteriores á convocatoria, salvo perda por sanción ou incumprimento dos requisitos do plan. 1 punto por ano completo

3B PERMEX A PÉ DE MARISQUEO XERAL: Nos 2 anteriores á convocatoria, salvo perda por sanción ou incumprimento dos requisitos do plan. 0,5 puntos por ano completo

3C ENROLES: tempo enrolado como percebeiro/a (con acreditación) ou mergullador/a en embarcacións que contan coa modalidade no seu permiso de explotación nos 2 anteriores á convocatoria. 0,04 puntos por mes completo sempre que a actividade rexistrase actividade pesqueira e vendas para esa modalidade.

A suma de puntos do apartado de experiencia profesional non superará os 2 puntos máximo.

- 4.- PADRÓN: Por estar empadroadado nun concello situado no ámbito territorial da entidade titular do plan de xestión un mínimo de 1 ano anterior á convocatoria. 2 puntos.

